

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE XULLO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:30 horas do día 31 de xullo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
D. Jesús López Moure

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe servizo de Xestión e Promoción Cultural o 26 de xullo de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. A Mesa constata que todos os licitadores acadan o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7.A da FEC.

5.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)



Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	% Redución dos prezos unitarios	Maior experiencia Xefe de Sala
SACAFERRO, S.L.	1	5
FLUGE GALICIA	4,75	5
PRODUCCIONS E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	4	10
SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	17,93	9

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

As 13.55 suspendese a sesión durante 15 minutos para que o servizo poida elaborar o citado informe.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

Entrégase o informe de data 31 de xullo de 2019 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*, asinado polo xefe servizo de Xestión e Promoción Cultural, no que se pon de manifesto que a oferta formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., atópase incurso en presunción de anormalidade. A Mesa acorda aceptalo por unanimidade dos membros presentes e iniciar o procedemento previsto no artigo 149 LCSP.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14.15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:14	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA64B-EHCDDE-E8D155-M3KWE7-T14WR7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		